

O PATRIMONIO COMO RESPONSABILIDADE, INVERSIÓN E RIQUEZA: CONTRA O PATRIMONIO LIGHT

por

Blanca García Fernández-Albalat*

Resumo: Catro ideias fundamentais sobre patrimonio cultural:

1. A salvaguarda do patrimonio cultural, o seu estudo, difusión, comprensión e entendimento son responsabilidades da sociedade e, polo tanto dos seus xestores xa que constitúen un legado de dada destrucción e imposible recuperación.
2. A súa conservación sen ningún fin é un luxo elitista e antisolidario.
3. Pódense crear modelos nos que o patrimonio supóna non un gasto senón unha inversión que ocasione unhas fontes de riqueza para o pobo que tivo a xentileza de conservalo para nos.
4. Ademais da posibilidade de rentabilizalo económicoamente, o patrimonio histórico-monumental ten de servir para criar modelos, pautas e guións de ensino para as actuais xeracións, senón aportaría un coñecemento oco.

Palavras-chave: Patrimonio como propaganda do poder & patrimonio rentable, patrimonio útil, patrimonio pedagóxico; historia do poder & historia do home; arqueloxía light & arqueoloxía do home e da súa cultura.

Abstract: Four basic notions about cultural heritage:

1. The safeguard of cultural heritage is a social responsibility.
2. Its conservation without a social oriented strategy is an elitist luxury.
3. Heritage should be considered as an investment and not as a waste of something that is in fact a resource.
4. The heritage must serve to generate knowledge, values and models useful for the process of learning of the present generations.

Key-words: Heritage: social responsibility; “light archaeology”.

*A Alejandro que me ensinou a repensar o tratamento do patrimonio
como un compromiso social além dos andamiaxes académicos.*

* celtasgalicia@mundo-r.com

Esta comunicación remítese ás nocións de patrimonio e a como rentabilizalo. Conservar, preservar, estudar o patrimonio para o uso e deleite duns poucos é insolidario e pouco rendible. As concepcións actuais sobre o que é en realidade o patrimonio cultural, a cultura e, por engadidura a cultura arqueolóxica, non deberían esquecer esta premisa se pretenden camiñar no rumbo dos tempos novos. Se teñen un mínimo degoro en deixar de faguer, xa, historia ao servizo da ideoloxía tradicional. A historia e a arqueoloxía deben, dunha vez, sacar a súa mascara e non colocar outra ao igual que o fixo a Eirexa Católica quen pediu perdón polos crímenes cometidos coa Inquisición e escolle como Papa ao antigo Inquisidor Xeral da Eirexa. Para salvar e preservar o patrimonio, que é unha aserción na que todos estamos sempre dacordo, debemos saber qué é o Patrimonio, cál é o seu concepto, a súa orixe, porque nos interesa salvagardalo e de qué modo.

I. AS ORIXES

O Patrimonio, histórico e arqueolóxico é algúns dos fardos que a sociedade leva sobre os seus hombreiros sen se decatar de que o peso é monumental – está feito de monumentos, de pedras, pois –. A súa conservación supón unha loita perpetua contra a destrucción que efectúan o tempo e os homes, un gasto desorbitado para o erario público, e unha asunción de políticas, non sempre entendidas, de expropiación de terreos arqueolóxicos ou artísticos. Dende que somos europeos parte dos fondos os otorga esa señora que é a Unión Europea a quen ningúén coñece pero á que todo o mundo mendiga esmolas – eu incluída –. Parece que ao estar lonxe, o seu diñeiro non nos sae do peto. Entre uns e outros, ao fin, o patrimonio de mellor ou peor xeito vaise safando e a ningúén parece extrañarlle que se garde un anaco de louza román nun museo pero que a que teño na casa, cando racha pódase tirar ao lixo. ¿Serán obxecto arqueolóxico os basureiros dentro dun século? ¿Será en realidade esa manía do reciclaxe unha forma oculta de axudar aos arqueólogos do futuro a clasificar os cacos pois xa llos ofrecen en bolsiñas diferentes? Aparte de brincadeiras ben que isto é unha mesa de debate onde traemos a nosas inquedanzas, estas preguntas son menos ridículas do que parece. ¿Non será preciso antes de seguir embirrando en salvagardar e vivir de salvagardar os desfeitos antigos plantexarnos cando e porque xurdíu esta paranoia, e a quien beneficiou? Fagamos pois un pouco de Historia.

Durante moito tempo, a Grecia Clásica foi considerada o berce do saber histórico, e a partires da cal a cultura occidental séntese herdeira. Nembargantes, este coñecemento xerouse, en Grecia, no seio das escolas de filósofos, onde se artellaba o tipo de saber ao servizo dos intereses políticos da cidade e en contra do saber popular, calificado coma perigoso. Ademais, o que hoxe temos por Historia, é decir, a narración dos

feitos do pasado, nunca saíu en Grecia do terreo do mito e os considerados pais da historia, realizaban unha modalidade de discurso que hoxe se insire na literatura e no xornalismo, xa que consiste na descripción dos feitos contemporáneos. Nunca estivo presente, entre os gregos, nin a crítica do documento, nin a procura de fontes fidedignas e a meirande parte das veces, as aserções baseábanse na testemuña oral. O discurso histórico grego tido, pola orixe da historia, é un modelo interesado e pouco ceibo: está ao servizo da cidade e das súas élites. A súa paradigma mental é o convencimento real de que un bárbaro pode ser, incluso, intelixente, pero sempre será un bárbaro, – segundo manifestaba Tucídides –. ¿Conseguirá a historia e as súas diversas pólás patrimoniais, a arqueoloxía ou a antropoloxía, ceibarse desta primeira herdanxa de base? Sospeito que non.

Os seus continuadores, os románs, ao sentirse o ecumene, ao considerar que lograban a unión de xentes nun único imperio, ao menos no Mare Nostrum, – porque o Atlántico sempre foi outra cousa – desenvolveron unha filosofía da historia concebida como doctrina, como historia universal dos seres civilizados. E volvemos ao mesmo problema: ao Imperio román éralle moi útil a definición dunha historia que lexitimase os seus pulos imperialistas. Que promulgase a benevolencia de civilizar aos bárbaros que rodeaban e ameazaban a estabilidade do imperio. Estrabón e toda a enfiada de sacrificios humanos atribuidos por igual a escitas, cimerios, celtas ou xermáns, será o expoñente mais claro da antropoloxía – ou periodismo – ao servizo do imperio. As consecuencias do seu vilipendio seguímolas pagando hoxendía.

En Grecia e en Roma, os pais, ou os supostos pais da cultura e a historia occidental, aqueles cara ós que se voltaron os máis outos anceiros de aprendizaxe; a historia e a antropoloxía xurden cunhas alforxas carregadas de ideoloxía. O seu interés era a lexitimización dos seus degoros conquistadores e civilizadores e co este gallo, iniciouse a moda que desgraciadamente, chegou ata hoxe, de rebaixar ao futuro conquistado. Éste, en realidade, debería estar agradecido de que tan outo imperio os civilizase e abolise os seus cruentes costumes. Como dato anecdótico recordar que os nosos pais da cultura, ás veces non eran tan civilizados:

En Grecia, na Ilíada, nos funerais de Patroclo, Aquiles, degola a doce prisioneiros de guerra, para guindalos sobre a pira funeraria. Ningún se escandalizou naquela data e ninguén parece ter reparado niso, a pesares dos moitos analistas que tivo a Ilíada ao longo da súa existencia como referente literario e cultural. (Ilíada, XXIII, 161). En Roma, celebraronse áinda no ano 206, para propiciar as Guerra Púnicas, uns sacrificios humanos en pleno Foro Boario. Eran moi civilizados como corresponde ao civilizador do momento: soterráronse vivas a duas parellas: galos e gala e grego e grega. Se está recollido por Tito Livio, nin César, nin Tácito, nin moito menos Estrabón, descoñecían estes textos.

2. ARQUEOLOXÍA E ANTROPOLOXÍA: ORIXES E DESENVOLVEMENTO

Partimos xa dunha base argumental – a lexitimación da conquista – pero para que a historia adoptase unha filosofía e un carácter trascendente, foi mester que un pulo mais outo que un ideario nacional a motivase. A ideoloxía, neste caso, a aportará o cristianismo, como fundamento espiritual do camiñar do home caras ao derradeiro destiño. As distintas filosofías pronunciaránse a favor ou en contra deste sentimento finalista da historia da humanidade e, incluso algunas de carácter marcadamente agnóstico, coma o marxismo, non serán quen de ceibarse dun determinismo histórico que partiu de e xerouse na filosofía cristán. Imos, pois, enchendo as alforxas e alonxándonos, xa non da historia obxectiva – que non existe – senón da historia a favor da humanidade. De momento van gañando a liorta os que van en contra, ao menos en contra dunha parte da humanidade.

O interés pola orixen do home remóntase asimesmo á etapa clásica coa formulación das tres edades da humanidade – a edade de ouro, prata e bronce de Hesfodo, (*Os traballos e os días*, 106-201) – e neles inspiraránse os filósofos ilustrados para artellar as seriacións das etapas da humanidade. A antropoloxía, nembargantes, xurde no século XIX, no medio de debates de tan longo alcance como a xustificación do escravismo, e o racismo e en pleno apoxeo do evolucionismo científico. Si ben é certo que as aportacións da antropoloxía ampliarán notablemente o horizonte das ciencias sociais, introducindo temas de interés como as relacións de parentesco, ou creando debates de gran productividade como o xurdido entre antropólogos funcionalistas e estructuralistas ou entre eles e os marxistas; non debemos esquecer que dende as súas orixes ten sido unha disciplina usada como lexitimación do poder e a colonización, como xustificación do racismo, como base do evolucionismo científico,... ao final como xustificación do desprezo duns homes polos outros.

¿ E a Arqueoloxía? ¿ Xermolou tamén coas alforxas cheas de ideoloxía? En realidade, para o desenvolvemento da Arqueloxía conflúen varias tradicións:

– **Por unha parte o Anticuarismo** – o gosto erudito polas humanidades – desenvolvido por curiosos e viaxeiros, sobre todo dos séculos XVII e XVIII, pero con raigames no século XV. Atraíalles, sobre todo, a humanidade clásica e, a seguir, Exipto e Mesopotamia. Conduce á posterior H^a do Arte e á Arqueloxía Protohistórica e Clásica. A réplica dessa laboura, na Europa Septentrional, sobre todo en Inglaterra e Escandinavia, onde fallan restos monumentais do pasado histórico, voltará a atención sobre os vestixios das sociedades prehistóricas e así xurdirán os presupostos da Arqueloxía pre e protohistórica de occidente. Leva dende os seus inicios dous componentes suprahistóricos: un, de base aristocrática consistente na domesticación do territorio a carón, presuposto que se filtrará sutilmente ao oficio de arqueólogo.

E o outro con certos tintes avarentos, fundamentado na recopilación de tesouros, intención que non rematou ate Indiana Jones e que ten xerado o erro da non comprensión do espacio baleiro dunha cultura. Algo que observamos, por exemplo, no estudo do castrexo de Portugal e Galicia.

– Por outra parte a crenza na evolución da humanidade que extendeu a Ilustración. Os filósofos sociais predarwinistas irán preparando o terreo para a utilización da estratexia evolucionista aplicada ao progreso da humanidade.

Para que o Anticuarismo arqueolóxico se convertira en Arqueloxía da Antigüidade facía falla que a cronomoxía permitira unha amplitude superior á propugnada por Escalígero a fins do XVI: 4713 anos segundo os cómputos bíblicos tiña o mundo de antigüidade. Ademais da cronomoxía foi mester que xurdira unha idea da evolución con cambios. O primeiro punto aportara a xeoloxía e o segundo o xurdimento das ideas evolucionistas.

En 1830, as trabas que a Biblia impúñalle á Xeoloxía quebraránse coa publicación dos principios de Xeoloxía de Charles Lyell. Non é coincidencia que 3 anos despois Tournal acuñara o termo Prehistoria, e que outros 3 anos máis tarde, Thomsem propuxera a primeira secuencia arqueolóxica ratificada: o sistema das tres edades. O método comparativo será a estratexia básica da investigación e ao longo do século XIX descúbrese o paleolítico e o neolítico a través das primeiras probas arqueolóxicas en serio. Un bon exemplo distes novos estudos en Arqueoloxía serán os aportados por Robertson, quen en 1771 publica *History of America* na que relata a evolución da humanidade do salvaxismo á barbarie e á civilización, perante probas etnográficas e arqueolóxicas.

Será, nembargantes, despois da aparición da *Orixen das Especies* cando en 1865 Lubbock, na súa *Prehistoric Times*, e Mortillet en 1867, establezan as bases da periodización prehistórica tal e como agora a coñecemos. Integrada desta maneira a peza e o monumento, coa preocupación pola orixe, o estudio da evolución e a demarcación da profundidade da humanidade; o saber prehistórico e da antigüidade fanse possibles.

A xeito de conclusión e pido perdón por esta aula de historia, podemos sinalar dous puntos:

1º As Ciencias da Antigüidade, ao igual que a historia e o resto das ciencias humáns agroman dentro da fase que, aberta coa Ilustración e a Revolución Francesa, denominase Modernidade, ou en verbas de Foucault, **orde burgués**. Neste intre unha nova ciencia estásé desenvolvendo ao abeiro dos intereses ilustrados: a antropoloxía. Faino de tal xeito en máns dos filósofos sociais do século XVIII que as suas preocupacións pola formulación de leixes que gobernen o curso da historia humana e da súa evolución sociocultural, serán as pezas chave da Antropoloxía Contemporánea: A Antropoloxía, dende entón estará ao servizo da ideoloxía estatal,

e xa o dixemos, xustificando o racismo, as reservas indias, a colonización de África, etc... Ate o xurdimento, ben avanzado o século XX, das novas correntes de historia social e antropoloxía estructural francesa, que aportarán unha crítica a esta fraca visión da historia.

É curioso e digno de reflexión que os análisis antropolóxicos nunca fosen realizados sobre o propio terreo, nin unha mínima atención dende as élites hacia ás costumes das crases populares. A antropoloxía é a do futuro colonizado, a do salvaxe. E, ¿cal voz tense erguido negando o suposto salvaxismo?...

2º De todas esas correntes, mais ou menos renovadoras, a **Arqueloxía Prehistórica**, unha vez esbozada a súa metodoloxía, – a excavación arqueolóxica –, e a súa teoría social subxacente – o comparativismo evolucionista –, ficará isolada. Loitará ao longo do século XIX por abrirse un lugar que o regusto imparable polo mundo clásico lle negaba. O seu estudo deberá, sobre todo, a afeccionados e remanecerá embebida na procura, uso e disfrute do obxecto, é decir do tesouro. Recreando pobos e culturas, contactos, comercios, difusións... de obxectos, pois os homes ficaron atrás, camiñaron coa antropoloxía máis o menos maltratados pero camiñaron. A Prehistoria nunca os resucitou, iñorouos somentes preocupada pola tipoloxía e as seriacións evolutivas. Desta primeira etapa, bañada en evolucionismo ficará para sempre a lei da perfectibilidade, a idea de que calquera etapa máis moderna é máis evolucionada e xeralizouse un erro do que áinda non nos temos liberado. O antigo determinismo bíblico do camiñar do home caras a Deus convértese agora no percurso caras á civilización. Voltaremos sobre isto, pois coido que forma parte da nosa dita cultura light e dos nosos debezos patrimoniais. Canto maior e mellor.

3º A súa irmá xémea, a **Arqueloxía clásica** sufriu un proceso ainda maior elitista. O pasado grecorromano é de disfrote restrinxido e o seu culto, o seu estudo, o seu embeberse no alento dos clásicos está reservado a unha minoría cultivada, a mecenas que procuran ornar os seus pazos con obras de arte dunha estética indubidable. Dentro deste marco pódese entender que as primeiras excavacións de Itálica remonten ao século XVI. O abandoo da filosofía medieval, non só implica unha ruptura coa Igrexa – anque fose só unha suposta ruptura – senón tamén unha quebra coa tradición e a civilización e iso supón a primeira fenda seria coa cultura popular. Afínscase neste entre – no renacemento – a falacia da superioridade do mundo grecorromano como berce da civilización – outro dos errores de nosa dita cultura light e do noso fermoso patrimonio –. Algo despois, cuando se institucionaliza o ensino coas universidades burguesas, xurde o isolamento da Arqueloxía como póla aparte do saber, e así permanecerá coa metodoloxía e a base ideolóxica de entón: a comparanza tipolóxica e a evolución dos tipos morfolóxicos. Supoño que, no fondo, pola primitiva concepción de estar estudiando unha etapa da humanidade atrasada e que pouco ou

ren tiñan contribuído á evolución – tal e como serán tildados os primitivos por algúns autores marxistas –.

Centrámonos, pois, na orixe do patrimonio, como conxunto dos restos suministrados polas distintas ramas da Arqueoloxía e da H^a da Arte – non da Antropoloxía, evidentemente –. O patrimonio cultural como herданza dunha proxección aristocrática sobre o seu entorno e, que na Europa fora do ámbito greco-romano de monumentalidade, tórnase sobre o pasado prehistórico. A súa arela é a procura das oríxes da humanidade, movidos polo inconfeso degoro de responder á pregunta “de onde vimos, caras a onde imos” visto que xa ninguén cré en Adán. Dende o xurdimento do conceito de patrimonio, coa formación do estado moderno, a sua definición estivo sempre en mans do poder político, único con capacidade social e económica para considerar que tipos de bens culturais eran dignos de ser preservados. As nacionalidades e os diferentes estados burgueses se autoidentificaron polo seu proxecto de futuro – perante a industrialización e os diferentes desenvolvimentos económicos – e polas súas raigames no pasado monumental, histórico e arqueolóxico. A conformación do ideario patrimonial dependeu, pois, da ideoloxía das clases dominantes que só se vián reflexadas nos grandes acontecimentos do pasado e nos grandes monumentos que utilizarán para lexitimar o seu ideario político. A ideoloxización da historia, da arqueoloxía e dos conceptos de patrimonio fican xa marcados dende as súas oríxes polas élites que os usaron sempre ao seu servizo. A fermosa premisa de preservación do patrimonio, non é xa tan desinteresada, non hai un loubor ao pasado en sí, matinando que das nosas raigames teñamos moito que adeprender. O pasado é unha peza máis da andamiaxe do poder, ren máis. Por iso se conserva só aquello do que se pode tirar beneficio.

Unha vez que reparamos na orixe das nosas ánsias investigadoras e conservadoras, observemos algunhos dos componentes pouco o nada obxectivos que a arqueloxía ou a antropoloxía teñen traguido na súa longa viaxe dende o seu xurdimento, deixa a súa institucionalización.

3. O PATRIMONIO LIGHT

Un dos Problemas que máss trouxo de cabeza aos antropólogos sabemos que é a diferenciación ou explicitación do que é a cultura. Ríos de tinta verquérionse sobre a funcionalidade e o simbolismo. Alem de disquisicións, posto que estivo aquí Sahlins a derradeira semán e él sí que sabe definir a cultura; sí estamos dacordo, ou polo menos eu estou, con que a cultura é a expresión da forma de vida. Continuando con isto, se podemos afirmar que na época primitiva primaban as relacións de parentesco e que o sacral inundaba a meirande parte das esferas de actuación; deberíamos ser

precavidos e reflectir cando clasificamos ás poboacións que ocuparon o territorio con anterioridade a nosoutros, a partires únicamente dos seus restos materiais. Sabemos agora que ese é un erro que se xerou ao separarse a Arqueoloxía da Antropoloxía, casi dende as súas oríxes mais, ¿non vai sendo hora de subsanalo?

Si somentes estudamos aos nosos devanceiros a partires dos seus despoxos materiais a segunda falla de respecto que cometemos contra eles – visto que a primeira é andar a remexer nas súas cousas – é a grande afrenta de materializalos, de converter a súa vida nunha pura economía doméstica ou guerreira. Desacralizar é des-simbolizar e iso implica o grave feito de negarlle a unha poboación o dereito ao mito, ao rito, ao ritual e, sobre todo a ter unha concepción sagra do entorno e do Universo. ¿Non existen, por acaso, medios para acadar ise horizonte além e polo medio da chamada cultural material? Eu creo que sí e por iso é que teño, ata certo punto abandoado a Arqueloxía tradicional estudar os fenómenos relixiosos da protohistoria e analizar os espacios sagrados dentro e fora dos poboados, coa intención de dotar de vida aos restos materiais. Unha parte, pois, da nosa cultura lighth é considerar aos demais na mesma medida coa que nos consideramos a nosoutros: desacralizados. Dúmezil decía que un pobo que non tivera mitos estaría morto. Matamos pois, duas veces aos nosos devanceiros prehistóricos cando lles negamos o dereito aos seus propios mitos. É cecais unha floritura pero creo que teríamos de reflectir sobor diso e escomenzar a tentar que nos traballos arqueolóxicos se dé un pulo aos análisis antropológicos. No caso contrario en vez de procurar ao home estaremos buscando pedras e esas tamén as hai nas canteiras. Un precioso estudo de Sahlins sobre a economía na Edade de Pedra, revélanos o pouco tempo empregado tanto no sustento coma no fabrico de úteis entre os pobos cazadores – recolectores. Ecuación que se repite entre os pobos de tipo neolítico. Estos últimos complícanse a vida, non por mellorar a súa subsistencia, sinón por un complexo sistema de ritual e simbolismo enguedellado coas relacións de parentesco. Unha mínima aproximación ao estudo dos primitivos actuais amósanos a importancia, ben do ocio ou ben do simbólico. ¿Que estamos a facer, pois, cos nosos devanceiros? Coido que a prehistoria está dormida no XIX e a salvagarda do noso patrimonio, deste xeito non é mais que regusto de mexer entre os cadávres e os cadaleitos. Estamos a crear, a inventar, un patrimonio light, acorde só coas nosas inquedanzas e lonxe, moi lonxe da antiga realidade pre e protohistórica.

4. A HISTORIA LIGHT, ¿DÓNDE NOSOUTROS HOMES PEQUENOS?

Se tentamos pormos mais perto da nosa realidade contemporánea, reflectimos sobre a queixa xeralizada pola falla de valores da sociedade actual, da xuventude

mal criada – por nos evidentemente, ¿por quen sinon? – Pero a creación e recreación da ideoloxía, da concencia que unha sociedade ten de sí mesma ¿non é traballo de historiadores e xornalistas? Dende Estrabón, o primeiro antropólogo – ideólogo ao servizo do imperio, o historiador, antropólogo e arqueólogo foron conformando os saberes, intereses etc. sobre todo a partires da creación da universidade burguesa e do artellamento do ideario ilustrado. Reflexionemos entón no que temos criado.

Lembremos o degoro pola monumentalidade da Arqueoloxía Clásica. Non ficará só nunha intención, nun gosto, nun recreio. É unha fenda, e a auga filtrarase dende o tellado rachado ate a cave.

Estudamos e ensinamos historias de liortas, guerras e conquistas, sempre desde o punto de vista do vencedor como superior. Analizando a evolución da historia en termos de superioridade de civilizacións, non de mellora das condicións de vida. Seguimos cos parámetros de perfectibilidade evolucionista do século XIX. Continuamos considerando e chamando – ao menos así se fai en España – Grandes Civilizacións aos imperios Exipcio, Babilónico, Azteca, únicamente porque nos legaron grandes monumentos. En realidade, grandes monumentos realizados a base de escravización de seres humáns. Imperios baseados na tolemaia e a ambición da crase sacerdotal e a monarquía. ¿E nosoutros ademiramos o arte exípcio e as súas obras de regadío que o posibilitaron?... Grandes excursións de turistas papanatas van ano tras ano a “flipar” e a admirar a magnificencia das obras realizadas co suor e as lágrimas de moitos de nosos semellantes. Iso é o que nos teñen ensinado e iso é o que transmitimos. ¿Iso é patrimonio da humanidade?

Europa considérase digna herdeira do saber do mundo grecorromano, xa o temos visto antes. En realidade na maravillosa democracia grega, na Atenas do século V, – a Atenas de Pericles –, había de entre 270.000 personas uns 80-100.000 escravos e no grandioso imperio román, no 14, d.X.C. 3 millóns, un 40% aproximadamente da poboación total... Iso ¿non se estuda en Historia de Grecia e Roma? ¿ou é que os historiadores seguen tendo voto de silencio coma nas dictaduras? Seguimos transmitindo historia da evolución en termos económicos, iñorando tódolos avances realizados tanto pola antropoloxía boasiana, estructuralista e posestructuralista – falo de Sahlins por exemplo – como pola corrente historiográfica que parte de Kropotkin e pasa por Rudolf Rocker... refírome á corrente anarquista de análisis histórico, aquela que busca ao home e a mellora das súas condicións de vida, que estudia a historia para achar as contradiccións entre poder e felicidade humana. Si Boas reivindicou o dereito dos esquimais a ser persoas, os antropólogos estructuralistas ou Sahlins descubrieron o simbolismo e os lazos de parentesco entre os antes considerados salvaxes. Kropotkin con seu análisis sobre o apoio mutuo tanto en sociedades animais como humáns desvelanos como falacia o aserto de Hobbes – “o home é un lobo para o home”.

Poucas veces se repara nos estudos de Pierre Clastres, desgrazadamente morreu novo, pero os seus poucos traballos teñen sido sumamente escrarecedores. Un precioso libro seu chamado *Contra o Estado*, resálтанos como existiron sociedades de mentalidade ceibe. Pobos que vivían nas beiras do imperio inca e negábanse a formar parte de esa tolemaia na que – con todas as súas supostas comodidades e avanzos – non tiñan tempo para contar contos ós seus fillos, ou para lecer. Á mesma conclusión chegou recentemente Sahlins cando analiza que a suposta mellora neolítica non foi tal e por ese motivo, pobos como os Bosquimáns, que conviven espacialmente con pobos agricultores, néganse a cultivar polo esforzo superior que supón. Dereito ao lecer... ¿Porqué non? E que ningún historiador rache as vestiduras, nen todo ten que ser monumental no pasado como tampouco o é no presente.

¿Quen é tal de criticar o relouco de Alexandre Magno? Eu somentes o teño lido nas obras de Rudolf Rocker, historiador de metade do século XX. ¿Quen fai, na realidade, un xuicio crítico á historia e aos historiadores, culpables de colaboracionistas, tanto conscientes como inconscientes, coa ideoloxía estatal, coa perpetuidade do poder a través da elaboración de historias de poder? Ben sei que a partires do xurdimento da Historia social tentouse de procurar outras perspectivas, pero na realidade, pouco se logrou porque o único que se fixo foi engadir novas facetas de estudio sen ter revisado as anteriores. Síguese considerando a Exipto unha grande cultura, a Alexandre coma un gran home, ao imperio román civilizador... Diso a xustificar a guerra de Irak somentes hai un paso: o cronolóxico.

É simpático recordar que semellante en cronoloxía á gran pirámide é Stonehenge. Dise e repítense en tódolos manuais que eu estudiei perante a carreira, e supono que se sigue ensinando. O problema non é que se refira senon que se faga en termos humillantes para Stonehenge... Non sei se é porque Exipto é un clima demasiado árido e eu son mais ben clariña de pel, pero por si acaso me tocaba ser dos que carrexaban pedras para a construción da gran pirámide, casi fico coa sociedade que construí Stonehenge e caseque coa galega onde os dolmens eran aínda máis pequenos. Teño certa tendencia a non indentificarme co escravismo aínda que fose quen de ter como froito unha grande obra. Coa base non concordo. Por si acaso.

Coido que a Historia e a Arqueloxía seguen sen contribuir a criar unha verdadeira concencia do ser en sí, do seu valor além da paranoía grandilocuente elaborada pola propaganda do poder. Esqueceron ser o que era para os antergos celtas. Ídesme permitir que faga unhas licencias cos meu queridos celtas.

O druida historiador o *sencha* transmitía, é certo, as historias dos reixes e recitabaas cando un deles morría para que a súa memoria o acompañase ao Alén. Tamén sabían o repertorio de costumes, tradicións, lugares sagros, días fastos e nefastos para as colleitas ou a guerra. Recitaban a sabiduría ancestral dende a súa chegada á terra, e o papel de cada quen na sociedade, no tocante ao seu estatus e

ao dos demais. Eran os xuíces dos actos dos reixes e os guerreiros, en relación ao pobo ao que debían gobernar e protexer pero nunca oprimir. Poucas veces existen sacrificios entre os pobos celtas e, facendo honra á verdade, deberíamos falar de axusticiamentos xa que segundo revelan os anais e a mitoloxía, son casos de **reixes avaros e ladróns ou de druidas mentirosos**. É dicir persoaxes que infrinxen as normas básicas de funcionamento da sociedade: os reixes teñen de primeira condición entre os celtas o ser xenerosos e, en canto aos druidas son os que deben conservar e legar a historia dun pobo e teñen de ser de suprema honorabilidade. Tíñamos que adeprender como historiadores da orla atlántica que os nosos verdadeiros mestres no terreo da historia non temos de ir procuraños á cultura grecoromana, os tíñamos entre nos. Só era mester abrir os ollos e, en vez de matinar na grandeza dos monumentos grecorrománs como algo envexable, reparar na grandeza de espírito dos nosos devanceiros. Tiñan máis a faguer que tirar o tempo e o sangue alleo en grandes monumentos... Isa ensinanza é digna de ser transmitida.

A historia da Arqueloxía también está tinguida de sangue falso. A enfiada de sacrificios humáns atribuidos aos homes da Prehistoria, a concencia de "homes aterrorizados ante as forzas da natureza", a insistencia no canibalismo de Atapuerca... ¿Seguimos gañando algo co envilecemento dos nosos antergos?

Venme á mente a frase de Sahlins:

"Somos os únicos pobos que nos consideramos orixinados en salvaxes, tódolos demás creen proceder de deuses... Facemos desta idea tanto un folclore coma unha ciencia e as veces distinguimos pouco unha doutra..." (*Cultura e Razón Práctica*).

Temos visto que cecais o concepto de patrimonio debería mudar e coido que está interrelacionado co de historia, ámbolos dous deberían estar ao servizo do beneficio do home e non freando o seu desenvolvemento como persoas. Afortunadamente, somos atlánticos e o exercicio do poder, ao menos na antigüidade, sempre foi moito mais moderado. Vexámolo agora.

5. O ARQUEÓLOGO LIGHT E O ARQUEÓLOGO PERANTE A SOCIEDADE

Como outro punto de discusión suxiro reflectir cal é o papel do historiador ou do arqueólogo na nosa sociedade actual. ¿Continuar exercendo de arqueólogo light que mide e pesa cacos cos ollos pechos ao simbolismo oculto dos obxectos que estuda? ¿A ese simbolismo que nos relembría que dolmens grandes os houbo no Sur, que acampamentos románs – como Deus manda – os houbo na Tarraconense...? Ou ben mudar de intencións e de fachendas e escomenzar a loubar os pequenos restos, os que temos, os que son nosos.

Partindo de que a creación da conciencia nacional, neste intre histórico, vai a cargo dos xornalistas e, nalgún caso, dos historiadores do mundo contemporáneo, o estudo da historia en sí, non deixa de ser un recreo persoal do historiador. Salvo cecais que sexa o suficientemente valente como para ousar descubrir o que supuxo a historia na realidade.

Máis, como arqueólogos ¿cal puede ser noso papel visto o grado de manipulación a onde nos teñen levado os historiadores e patrimoniólogos? Para o meu xeito de ollar, dous son os compromisos dun arqueólogo perante a sociedade.

En primeiro lugar, optar por dignificar aos homes que estuda. Nos esquemas que apresento recalco “*humanidade digna*”, xa que a indigna xa ten a súa propia prensa. Fartos estamos do regodeo nos sacrificios humáns, dos cultos animistas que endexamais existiron ou de procurar á propia nai na famosa e descoñecida Deusa Nai Neolítica. Sabemos que, en realidade, buscamos no pasado aquello do que carecemos no presente. Dignifiquemos o pasado como compromiso coa sociedade que demanda as súas raigames e paga os nosos estudos.

E, en segundo lugar, e como procura incuestionable da concencia dun pobo, temos de apostar pola cultura atlántica – como atlántica que son e me sinto a pesares de apellidarme Albalát e de sentir como muller loura do norte unha clara devoción sensual polos homes morenos – No atlantismo existe un punto para reflectir. ¿Somos realmente herdeiros da cultura grecolatina ou isa é outra das imposicións ideolóxicas estatais? É evidente que si nos consideramos herdeiros, anque somentes sexa culturalmente, dos grandes imperios, ou o que consideramos grandes imperios, algo, sempre fica. Se cadra, tamén nós somos grandes, ainda que só sexa en cultura. En realidade eu coido que de grecolatino temos todo aquello que é imposto, aprendido dende as institucións, dende a conformación da lexitimidade estatal. Iñoro como eran os plans de estudio na época de Salazar, pero ao menos en España estudiabamos sempre nos manuais de historia dous apartados: O que Roma deu a España: língua, dereito, civilización, arquitectura. E o que España deu a Roma: emperadores, e non sei que cousas máis. Pero nunca, nunca se estudou o que a cultura árabe aportou a España, nunca, e coido que foi moito máis que os azulejos: menciña, verbas, o sistema de regadíos, e un pouso sociocultural indubidable en todo o sul da Península. Pero non interesaba para a conformación dun estado nacional, recibir herdanza de pobos procedentes de África e moito menos de relixión non católica. España era a digna herdeira do imperio e do nacional-catolicismo. É evidente que o Leste da Península Ibérica, bebeu dende sempre nas augas do Mediterráneo, pero Portugal, sobre todo o Norte, e toda a costa Norte e Noroeste de España, nada teñen a ver co mundo mediterráneo.

O Mediterráneo e o Oriente Próximo ofrecen, sabémolo, estudámolo e transmítimolo, unha temprana neolitización, co paso ás chamadas grandes culturas do Crescente

Fértil e de Exipto. Mientras Europa, África e América, moito menos poboadas e más “atrasadas” culturalmente, camiñan de vagar, de vagariño, ao ritmo lene do tempo. Teñen o seu neolítico, seus crecementos lentos... pero suficientes, co seu ritmo propio, co que teñen mester. A Terra, no fondo é a que marca o ritmo e aquí, no Atlántico, en contra do que sempre se ten estudiado, a terra é fértil e amante dos seus fillos e é capaz de nutrir aos seus habitantes sen que teñan para iso que realizar grandes obras. ¿Alguén dubidou algunha vez da fertilidade das terras amazónicas? ¿Precisan os seus habitantes realizar grandes diques, obras de roturación, almacenamento de alimentos en silos...? etc. Non, a terra fornece. Coido, pois, que debemos comezar a plantexarnos a seguinte hipótesis pois supón mudar os parámetros con que se estuda e se ensina a historia. As zonas como Exipto e o Crecente Fértil, por poñer o exemplo más claro, eran zonas extrañas á marcha normal dos acontecimentos, eran zonas sumamente férteis no medio de desertos. Iso xerou unha crecente agresividade do home ante unha natureza que era moi hostil nuns límites ubicados demasiado perto, e ante os demais homes por reivindicar o seu anaco de riqueza: o seu fragmento da escasa terra cultivable. Xurden pois, as grandes civilizacións dunha falla no equilibrio entre a natureza e os seus poboadores. Na Europa Atlántica iso non se deu. A diferencia está en que no Próximo Oriente, como consecuencia, agromaron os grandes imperios tiránicos e ten sido e é a zona mais conflictiva da Terra. Non quero decir que a Europa Atlántica non tivera as súas liortas – recordemos os movimentos de xermáns ou as invasións de saxóns e normandos durante parte da Edade Media por toda a orla Atlántica. Mais eran debidas a reaxustes nos derradeiros asentamentos dos pobos das estepas. Non estamos ante unha zona na que a terra xenere problemas en sí. Teñen de vir os románs a alterar unha historia que transcurría por si mesma. E é curioso. En Galicia de caras e coñecidas raigames celtas está “prohibido” estudar a ese pobo, mentres se priman os estudos sobre unha romanización prácticamente inexistente. ¿Estamos de novo ante o complexo polo soño das grandes civilizacións? Si cadra se nos consideramos herdeiros dos románs, subimos puntos no escalafón de civilizado e podemos entrar nos libros de historia.

Eu aposto pola vía contraria. Pola vía silandeira da cultura propia e caladiña. A linguaxe das árbores, dos paxaros e da Terra, non son demasiado outos. **Prefiro ser pequenío.**

Os celtas, por exemplo, tiñan en moi grande estima á muller que era libre, podía ser raiña, gobernar as suas terras ou ir á guerra si tiña propiedades que defender. A deusa inicial era a Terra que era a Soberán e do seu dereito a escoller ao rei que a gobernara e repudialo si o consideraba pouco hábil; no mundo celta está considerado o divorcio. ¿E imos seguir loubando as primicias da civilización Mediterránea de onde veñen os medos á muller, o pecado xudeocristiano, o terror a o sexo e a súa condenación... etc?

Sempre se fala da nai neolítica e dos cultos mediterráneos de corte matriarcal ou incluso matrilineal sobre os que chegaron os indoeuropeos de carácter patriarcal. Curiosamente na zona en donde ficaron más marcados os rasgos do horizonte indoeuropeo que é a Europa Atlántica, a muller ten unha consideración e un rol que xa a quixera para sí a Gran Nai Neolítica, aínda mais descoñecida que a rica Sra. Europa.

Agora ben, unha vez caracterizada a nosa cultura e ceibos de complexos porque os nosos dólmens son mais pequenos que os do Sul da Península Ibérica – coñecedores de que a mor tamaño do monumento, mor grado de escravización – Unha vez caracterizados na nosa ubicación espacial e cultural. ¿Como podemos utilizar a cultura? Porque quitarnos os complexos de rincón de salvaxes que a historia nacional nos tiña otorgado xa é algo. – Ah, relembrémos que Viriato non era un pastor lusitano, era un alto xefe de tribu co que os románs non puideron pola sua capacidade organizativa, dado os nós solidarios que tiña establecidos co resto da tribus celtas tal e como era a costume. Iso gosta pero diso non se vive –.

Agora sáns mentais procedamos a ser solidarios como o era Viriato. Eso sí debemos adeprendelo.

6. A DESAPARICIÓN DAS RAIGAMES: A SOCIEDADE LIGHT

Matinar no atlantismo é tentar volver ás nosas raigames algo que está desaparecendo absolutamente. O porqué forma parte dun mecanismo complexo de globalización interesada. É ben certo que as fronteiras como instrumento hostil son un artificio inventado polos gobernos para autodefinirse, ao igual que a cultura oficial. A procura dos nemigos fóra das fronteiras evita que se busquen na terra e, sobre todo, xunque aos homes baixo o apelativo dos patriotas para que nunca atenton contra o establecido, contra o Estado. Nembargantes tamén é certo que a suposta extinción dos límites é tan ilusoria coma o contrario. A excesiva individualización da sociedade actual se debe, en parte, á abolición dos parámetros antigos, das fronteiras naturais que servían para identificar aos individuos ante si e ante os demás. A pretendida unión dos pobos, e a abolición de fronteiras, é unha falacia utilizada para non molestarse en crear outros esteos válidos e, no fondo, ou na superficie, porque nunca se sabe, debilitar ao individuo.

Nos antigos esquemas na parroquia, aldea, ou concello, existían lazos de solidaridade para o traballo, as festas, etc. que creaban vencellos indestructíveis entre os seus membros como sino de fortaleza ante o exterior descoñecido ou máis ben temido. Os termos xurisdiccionais, no Noroeste Peninsular son herdeiros directos das demarcacións tribais celtas. Os románs as mantiveron como forma de cobrar os tributos e facer as levas militares – pouco máis lles interesaba –. A Igrexa herdouos

de Roma e utilizouos para o mesmo e, deste xeito, fóreronse transmitindo ate os tempos modernos ou caseque. Pero hoxendía, a xente non permanece no seu lugar de nacemento e non se integra nos lugares onde vai morar porque os valores relixiosos-comunitarios mudaron. Somentes restan nos poucos lugares en donde se conserva unha forma de vida tradicional. O resto da poboación, desgaxados dos referentes que tiveron os seus pais e antepasados, vense invadidos por unha “cultura internacional” consistente na ideoloxía estatal misturada con estética e consumismo americano. Nada a ver coas súas orixes, nacionalidade, antigua cultura, etc.

Noso referente ancestral é a terra e xa pouco queda dela por moito que proteste con terremotos, tempestades, climatoloxía local e disolución dos casquetes polares. A terra morre e como síntoma a cultura esmorece na mor parte dela.

7. O PATRIMONIO COMO TESOURO, NON O TESORO COMO PATRIMONIO

Unha vez feita historia diacrónica e sincrónica da Arqueoloxía e da Antroploxía, voltemos ao patrimonio e a como rentabilizalo, que era, cecais o obxectivo desta conferencia.

Eu son da opinión que o patrimonio é un tesouro. Coido que niso adoitamos estar dacordo tódolos arqueólogos. Pero na realidade actuamos como si o tesouro fose un patrimonio. Como tal o tratamos, estudamos, analizamos e depositamos en museos, cheos de pó. En libros que só leen os que son coma nos... Ao fin o tiramos da terra para mergullalo noutra terra ou algo semellante. Como moito faguemos parques arqueolóxicos que segundo a miña opinión, tampouco serven para ren: Está demostrado que non se usan senón para recreio das élites. E se as élites xa teñen a súa cultura light e os seus museos, ¿para que continuar a facer mais?... En realidade continuamos co disfrute diletante dos anticuaristas do século XVI. A Arqueloxía é a irmá atrasada das ciencias sociais. Ainda que se estén facendo análisis de corte antropolóxico para interpretacións arqueolóxicas, seguimos ofrecendo homes mortos.

Afirmo que xa é hora de que a Arqueloxía, a antropoloxía e a historia, servan para algo útil. Son a herdanza cultural do noso pobo, eso é unha frase repetida unha e outra vez. Se é a herdanza, debemos pois darlla aos seus donos. ¿qué sentido ten entón unha política de expropiación dun predio onde hai un xacemento arqueolóxico? Non sabía eu que as herdanzas empobreceran aos herdeiros. Ao fin a herdanza era dos arqueólogos. “Sr. celta, sr. campaniforme, sr. calcolítico: vaian a herdar ao veciño que eu quero continuar a sementar milho e a recoller as miñas patacas”. Se a primeira premisa é que pertence aos seus donos, é por tanto, mester, implicalos na súa rentabilización. Non é que o estado recupere o diñeiro que investiu pagando a

arqueólogos e construindo parques. É o dono do territorio, particular ou xeral, o concello, os que deben beneficiarse.

Se a cultura actual é unha extraña formación artificial que a ningúen pertence nin satisface, a cultura tradicional é patrimonio do pobo que a conservou. É ridículo, e sobre todo inxusto que nos lla tiremos a seus legais poseedores para estudala, conservala e difroitala, sen devolver ren en troques. A cultura non debe ser “un luxo de neutrais” como non o debe ser a poesía segundo Gabriel Celaya. A cultura se é o mais ricaz tesouro dun pobo nen podemos nen debemos arrebatárllelo. O lóxico é invertilo. O natural é convertir a cultura nunha inversión.

En Europa o patrimonio está rentabilizado. E non me refiro a conservar un castro despois de excavaloo. E moito menos enchelo de plásticos con terra. Rentabilizar é obter diñeiro a partires dun ben. Utilizalo. E engado un exemplo gráfico que non ten mester de máis explicación. Así é como se rentabiliza en Europa determinados xacimentos. Non lles apetecería participar numa festa vikinga do Museu Vikingo de Fotevikens?

En Galicia e en Portugal temos un patrimonio que xa lles gustaría telo noutros países da Europa. A súa conservación débese a carecer prácticamente de mecanización no campo ate fai poucas décadas. A escasa revolución industrial e tamén a parca romanización salvo en zonas concretas: Lugo ou Bracara, fan destas zonas uns lugares idóneos para plantexarse verdadeiras reconstruccións da vida prehistórica encamiñadas ao turismo. Non sirve para ren rehabilitar un xacemento se non vai ter ningún tipo de uso, despois, o tempo engolirao como xa fixera antes. Galicia e o norte de Portugal pódense permitir recrear a historia xa que áinda están vivas as tradicións, todavia a historia non morreu. Pero por pouco tempo.

O Patrimonio non é somentes a pesada carga de pedras ou de mais un caco, non abrangue só os grandes monumentos que falan da historia do poder e a opresión. Dixen que quería ser pequenina, é decir que quería estar acorde co que é a miña terra: e na nosa terra, por sorte, o patrimonio cultural é todo aquelo que conforma e conformou unha sociedade e para coñecer más dos habitantes da pre e protohistoria posuimos outros restos que os arqueolóxicos:


A **lingua**, da que fican restos na actualidade a traveso da **toponimia**, nos nomes de ríos ou montañas que conservan incluso o recordo do culto a un deus – Descoñezo se en Portugal existe como topónimo *Lugbre* que é moi abundante ao longo de todo o mundo celta. Significa “santuário ou lugar de Lug”, e Lug é unha divinidade celta moi semellante ao Zeus grego. Curiosamente coñecemos a expansión do seu culto a traveso da toponimia –. Tamén grazas á toponimia podemos saber **qué lugares eran bons para morar** – os castros – ou bons como lugar de culto – Lamas, por exemplo é un topónimo aludindo a un lugar sagrado: Lamas de Moledo en Viseu, en Portugal –.


Ademais da lingua tamén forman parte do patrimonio, as lendas e as romerías pois son a derradeira pegada de antigos rituais precristiáns tan arraigados na poboación que as diferentes o supostas conquistas – románs, suevos, cristianización, franquiense, aquí diríamos salazarense, é decir nacional-catolicismo – non foron quen de abolilos. Tiñan xermolado do interior dunha cultura de profundas raigames na natureza e nada veu a sustituílas.

Esos restos nos contan moitas veces, máis cousas que as restrebas con que os arqueólogos abrumamos á sociedade: listas e listas de cacos, más o menos amarelados o esverdeados polo líquido, con más ou menos retícula bruñida e con más dispersión ou menos ao longo do xacemento. Ofrecen posibilidades de tentar procurar ao home por tras dos seus restos. Fan capaz un aprendizaxe e unha trasmisión das ensinanzas antigas. Fan útil a labor de historiador ou arqueólogo na época light.


Patrimonio é sobre todo, aquello do que podemos adprehender algo, aquello que nos libera da globalización e densifica a cultura light: patrimonio é o noso atlantismo, nosa alta estima da muller na sociedade rural, nosos monumentos pequenos, síntoma de pouca opresión e anguria ao construílos, e todo aquello que a traveso dos tempos ten dignificado a nosa cultura: o home.

Isto é o que temos que transmitir non fora a ser que os estudantes apañen tamén a morriña de ser grandes e continúen a faguer historia do poder en vez de historia da humanidade.







3. O PATRIMONIO LIGHT.




4. A HISTORIA LIGHT. ¿ONDE NOSOUTROS?




5. O ARQUEÓLOGO LIGHT OU O ARQUEÓLOGO ANTE A SOCIEDADE.



6. A DESAPARICIÓN DAS RAIGAMES. A SOCIEDADE LIGHT.



7. O PATRIMONIO COMO TESOURO. NON O TESOURO COMO PATRIMONIO



Narciso (Narcissus)

*para uma teoria do poder, em
singela homenagem à memória de M. Mauss*

eu sei que, dando-vos,
tomo dianteira sobre vós,

forçando-vos a, mais cedo
ou mais tarde, me dirigirem
a palavra:
obrigado, obrigada,
obrigados.

mas também sei
que vocês sabem isso,

e assim adiam o mais possível
o momento do encontro;

disfarçam,
como que esquecidos das regras
da reciprocidade,

ou impedidos por doença,
obrigação súbita.

e entretanto,
se eu vos lembrar
o vosso silêncio,
sois vós que me tomais
a dianteira,

como quem diz:

“vês que afinal
quem precisa de nós és tu,
ávido de reconhecimento?

“talvez, quem sabe,
a tua prodigalidade se destine
a provocar a nossa inveja,
o pressentimento de que jamais
te poderemos dar
na mesma medida...

“como aquele ser amante
desesperado
que escrevia poemas
belíssimos
ao seu ser amado,
sobretudo quando suspeitava
não ser na mesma medida
correspondido...

“assim, o nosso silêncio,
sem trabalho
nem dispêndio algum,
é mais poderoso
do que a tua árdua tarefa
de estares sempre a dar”;

pareceis dizer,
nada dizendo.

“a ti, que querias
tornar-nos devedores,
oferecendo,

aparecemos-te
em todo o nosso poder
de fantasmas,

não te aparecendo.”

mas por fim

– esta história, como todas,
não tem fim,
e só busca, claro,
o melhor
remate estético –

ouve-se dizer,
não se sabe quem:

“obrigado, obrigada,
obrigados”.

tereis sido vós
leitores deste texto,

a pronunciar-vos,
a terdes, como se diz,
a última palavra?

nesse caso, guardai-a
para o Juízo Final,

– quando todos aqueles que detêm
a iniciativa do verbo,
e de certo modo ousam
conspurcá-lo diariamente
no suor da escrita,
pelo ruído do cálamo,

disseminando-o
como pôlen barato
nos negócios mundanos –

se apresentarem
à beira de Deus
com o seu mais precioso
presente,

e se ouvirem coros
em todo o universo.

deixai que seja esse
o momento mais glorioso:

talvez aquele
em que se descubra
que as estrelas,
e as galáxias,
e todas as fantasias cosmológicas
que ainda se hão-de inventar,

não passam afinal
de gigantescos
narcisos amarelos,
fulgurantes no seu esplendor
de pétalas distendidas,

caindo ininterruptamente
como chuva mágica,

da abóbada celeste.

Vítor Oliveira Jorge
(do livro em preparação *Novo Florilégio.*
Contributos Para Uma Extática Botânica, 2006)